

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**8910** *Real decreto 647/2011, do 9 de maio, polo que se regula a actividade de xestor de cargas do sistema para a realización de servizos de recarga enerxética.*

O Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, no seu artigo 23, reforma a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para incluír no marco normativo deste sector un novo suxeito, os xestores de cargas do sistema, que prestarán servizos de recarga de electricidade, necesarios para un rápido desenvolvemento do vehículo eléctrico como produto industrial que reúne as características de tecnoloxicamente innovador, capaz de xerar un novo sector de actividade con potencial de crecemento e instrumento de aforro e eficiencia enerxética e ambiental.

Por outra parte, no seu artigo 24, o citado Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, co obxectivo de promover o aforro e a eficiencia enerxética e optimizar o uso do sistema eléctrico, establece que a Administración adoptará programas específicos para impulsar a eficiencia na demanda de electricidade para vehículos eléctricos.

No número 3 do dito artigo 24, establécese que os xestores de cargas do sistema terán as obrigas e os dereitos regulados no título VIII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que lles sexan de aplicación en relación coa revenda de enerxía eléctrica e para o seu almacenamento, na forma en que regulamentariamente se estableza para unha mellor xestión do sistema, conforme o artigo 9.h) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

A finalidade é a implantación do vehículo eléctrico, dado a novidade que supón e a importancia que ten desde o punto de vista ambiental e do propio sistema eléctrico.

Por conseguinte, mediante este real decreto defínese a actividade dos xestores de cargas do sistema consistente na realización de servizos de recarga enerxética para vehículos eléctricos e concrépanse e desenvólvense os dereitos e obrigas dos xestores de cargas do sistema. Así mesmo, régulase o procedemento e os requisitos necesarios para o exercicio desta actividade, tendo en conta que este novo suxeito ten dúas vertentes: é un consumidor, pero á vez ten carácter mercantil e subministra a cliente final, polo que se asemella á figura do comercializador.

Destaca a contribución desta nova figura ao impulso do vehículo eléctrico e por tanto á eficiencia do sistema enerxético, á redución das emisións de CO<sub>2</sub> e á redución da dependencia enerxética do petróleo. Así mesmo, contribuirá a facilitar a integración da xeración en réxime especial ou de sistemas que almacenen enerxía eléctrica para unha mellor xestión do sistema eléctrico.

Por outro lado, o Goberno presentou o 6 de abril de 2010 a Estratexia integral para o impulso do vehículo eléctrico, co horizonte 2014, e o Plan de Acción 2010-2012, que contén diferentes medidas entre as cales figura, dentro da epígrafe de Infraestrutura e xestión de demanda, a creación dunha tarifa superval. En liña co anterior, no presente real decreto créanse as peaxes de acceso para consumidores de baixa tensión con potencia contratada hasta 15 kW, tanto para a subministración ás cales lles resulta de aplicación a peaxe 2.1A ou 2.1DHA como para aquelas acollidas á peaxe de acceso 2.0A ou 2.0DHA.

Por isto, faise necesario establecer unha nova modalidade de discriminación horaria que recolla este período nas peaxes de acceso reguladas no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, na Orde ITC/1723/2009, do 26 de xuño, pola que se revisan as peaxes de acceso a partir do 1 de xullo de 2009 e as tarifas e primas de determinadas instalacións de réxime especial e na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso

de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica.

Como consecuencia desta nova modalidade de tarifa, que ata 10 kW se aplica aos consumidores acollidos á tarifa de último recurso (TUR), cómpre incluír esta modalidade na propia TUR e, por tanto, adaptar o seu procedemento de cálculo modificando nestes termos a citada Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño.

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía, quen para a elaboración do seu informe tomou en consideración as observacións e comentarios do Consello Consultivo de Electricidade, a través do cal se realizou o trámite de audiencia ao sector e consultas ás comunidades autónomas.

Finalmente, o proxecto foi sometido a exame da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa reunión do día 23 de setembro de 2010.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente. A utilización dunha norma regulamentaria xustifícase no mandato do artigo 24.3 do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, e polo propio contido da norma.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio 2011.

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación dos xestores de cargas do sistema como suxeitos que desenvolven a actividade destinada á subministración de enerxía eléctrica para a recarga dos vehículos eléctricos, de conformidade co previsto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. Os xestores de cargas do sistema son aquelas sociedades mercantís de servizos de recarga enerxética definidas no artigo 9.h) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que, sendo consumidores, están habilitados para a revenda de enerxía eléctrica para servizos de recarga enerxética para vehículos eléctricos.

##### Artigo 2. *Dereitos e obrigas das empresas xestoras de cargas do sistema.*

1. As empresas xestoras de cargas do sistema teñen os seguintes dereitos en relación coa actividade de revenda de enerxía eléctrica:

- a) Actuar como axentes do mercado no mercado de produción de electricidade.
- b) Acceder ás redes de transporte e distribución nos termos previstos na normativa.
- c) Facturar e cobrar a enerxía entregada na revenda para servizos de recarga enerxética para vehículos eléctricos.

2. Son obrigas das empresas xestoras de cargas do sistema, en relación coa actividade de revenda de enerxía eléctrica para servizos de recarga enerxética para vehículos eléctricos, as seguintes:

- a) Adquirir a enerxía necesaria para o desenvolvemento das súas actividades, realizando o pagamento das súas adquisicións.
- b) Contratar e aboar a peaxe de acceso correspondente á empresa distribuidora para cada un dos puntos de conexión ás redes con destino ao consumo de enerxía eléctrica

para o seu propio uso e para a revenda de enerxía eléctrica para servizos de recarga enerxética para vehículos eléctricos que realice.

c) Prestar, se é o caso, as garantías que regulamentariamente correspondan pola peaxe de acceso.

d) Informar os seus clientes acerca da orixe da enerxía subministrada, así como dos impactos ambientais das distintas fontes de enerxía e da proporción utilizada entre elas, sen prexuízo do disposto na normativa autonómica.

e) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración e os programas específicos para impulsar a eficiencia na demanda de electricidade para vehículos eléctricos, co obxectivo de promover o aforro e a eficiencia enerxética e optimizar o uso do sistema eléctrico, en virtude do previsto no artigo 46.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

f) Procurar un uso racional da enerxía.

g) Tomar as medidas adecuadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente, sen prexuízo do disposto na normativa autonómica.

h) Comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e, se é o caso, ao órgano competente autonómico que recibise a comunicación previa, a información que se determine sobre peaxes de acceso, prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables aos consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico. Así mesmo, deberán remitir a información establecida no número 1 do anexo II deste real decreto coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 2.

En calquera caso, deberán subministrar á Oficina de Cambios de Subministrador e á Administración a información que se determine.

i) Preservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas.

j) Realizar a comunicación de inicio de actividade, de acordo co establecido no artigo 4 deste real decreto.

Manterse no cumprimento das condicións de capacidade legal, técnica e económica que se determinen para actuar como xestoras de cargas do sistema. Ademais, para poder adquirir enerxía eléctrica co fin de lla subministrar aos seus clientes, deberán presentar as garantías que resulten exhibibles conforme se establece nos requisitos que se exixen no artigo 4.

k) Contar, en cada unha das instalacións en que se desenvolva a actividade, con instalacións eléctricas que permitan efectuar a recarga enerxética para vehículos eléctricos e que reúnan as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, tendo obtido as autorizacións que, se é o caso, se requiran.

Ademais, deberán contar coa instalación e equipamentos de medida e control necesarios no punto de conexión á rede de distribución para a correcta facturación das peaxes de acceso. Para a realización da actividade de recarga, os equipamentos de medida dos puntos de recarga deberán cumprir cos requisitos e condicións que se establezan.

l) Estar adscritas a un centro de control que lles permita consignas do xestor da rede cando sexan requiridas para participar en servizos de xestión activa da demanda.

### Artigo 3. *Comunicación de inicio da actividade de xestor de cargas do sistema.*

1. A comunicación de inicio da actividade de xestor de cargas do sistema, que especificará o ámbito territorial en que se vaia desenvolver a actividade, realizarase segundo o modelo que figura no número 1 do anexo I. O interesado dirixirá a comunicación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a ela xuntará a declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica para o exercicio da actividade que se establecen no artigo seguinte, de acordo co modelo do número 2 do anexo I deste real decreto.

Porén, cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma, deberá dirixir a dita comunicación, xunto coa declaración responsable e coa restante documentación que presente, de acordo co disposto no parágrafo anterior, ao órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente, quen, no prazo máximo dun mes, dará traslado de todo isto á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. En todo caso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá solicitar ao interesado a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa por parte da sociedade.

3. Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos incluídos na comunicación de inicio de actividade ou na declaración responsable orixinaria, deberá ser comunicado polo interesado no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, xuntando a correspondente declaración responsable.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado das comunicacións recibidas á Comisión Nacional de Enerxía, quen, na súa sede electrónica, publicará e manterá actualizada cunha periodicidade polo menos mensual, unha listaxe que inclúa todos os xestores de cargas do sistema e as instalacións de cada un deles. Así mesmo, a citada Comisión comunicará ás comunidades autónomas a listaxe de instalacións existentes no seu ámbito territorial que correspondan a cada un dos xestores de carga.

5. De acordo co previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as comunicacións dos interesados coa Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e entre esta dirección xeral e a Comisión Nacional de Enerxía realizaranse exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, nos rexistros electrónicos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e da Comisión Nacional de Enerxía, segundo corresponda.

Para estes efectos, os citados anexos cos modelos correspondentes de comunicación previa e de declaración responsable estarán dispoñibles para cubrilos e envialos por vía electrónica na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

De acordo co artigo 32.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, se non se utilizan medios electrónicos para realizar as referidas comunicacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas requirirá a correspondente emenda, advertindo que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

6. Os xestores de cargas do sistema poderán iniciar a actividade en cada unha das instalacións incluídas na súa comunicación de inicio de actividade en que cumpran coas condicións técnicas e de seguridade regulamentarias e conten, se é o caso, coas autorizacións pertinentes, a partir da data de presentación da citada comunicación de inicio, conforme se establece no número 1.

#### Artigo 4. *Requisitos necesarios para realizar a actividade de xestor de cargas do sistema.*

1. Para desenvolver a actividade de xestor de cargas do sistema as empresas deberán cumprir os requisitos de capacidade legal, técnica e económica, nos termos seguintes:

a) Para acreditar a súa capacidade legal, as empresas que realicen a actividade de xestor de cargas do sistema deberán ser sociedades mercantís debidamente inscritas no rexistro correspondente ou equivalente no seu país de orixe, e que no seu obxecto social se acredite a súa capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica sen que existan limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

Así mesmo, aquelas empresas con sede en España deberán acreditar nos seus estatutos o cumprimento das exixencias de separación de actividades e de contas establecidas nos artigos 14 e 20 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. No caso de empresas doutros países, a acreditación de cumprimento dos requisitos de

separación de actividades e contas entenderase referida ás actividades que desenvolvan no ámbito do sistema eléctrico español.

b) As empresas que teñan por obxecto realizar a actividade de xestor de cargas do sistema para acreditar a súa capacidade técnica deberán:

Cumprir en cada unha das instalacións en que realice a actividade as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias e contar, se é o caso, coas autorizacións que sexan necesarias, que permitan efectuar a recarga enerxética para vehículos eléctricos.

Ter suscrito un contrato de peaxe de acceso coa empresa distribuidora por cada punto de conexión ou, se é o caso, por cada unha das instalacións en que, ademais de consumir para o seu propio uso, queira actuar como xestor de cargas realizando a actividade de revenda de enerxía eléctrica para recarga de vehículos eléctricos.

Ademais, cando os xestores de cargas vaian adquirir a enerxía directamente no mercado de produción, para acreditar a súa capacidade técnica deberán cumprir os requisitos exixidos aos suxeitos compradores no mercado de produción de enerxía eléctrica conforme os procedementos de operación técnica e, se é o caso, as regras de funcionamento e liquidación do mercado de produción, respectivamente.

c) Para acreditar a capacidade económica, as empresas que queiran exercer a actividade de xestor de cargas do sistema deberán presentar, por cada unha das instalacións en que realice a actividade, o depósito de garantía correspondente á contratación da peaxe de acceso coa empresa distribuidora que, se é o caso, resulte exixible conforme o establecido no artigo 79.7 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. Ademais, cando os xestores de cargas vaian adquirir a enerxía directamente no mercado de produción, para acreditar a súa capacidade económica deberán presentar ante o operador do sistema e ante o operador do mercado as garantías que resulten exixibles para a adquisición de enerxía no mercado de produción de electricidade nos procedementos de operación técnica e nas correspondentes regras de funcionamento e liquidación do mercado, respectivamente.

2. O interesado deberá cumprir os requisitos establecidos nos puntos anteriores antes de realizar a súa comunicación de inicio de actividade.

#### Artigo 5. *Contrato das peaxes de acceso.*

1. As condicións xerais dos contratos de acceso que os xestores de carga do sistema deben realizar coa empresa distribuidora para cada un dos puntos de conexión ás redes serán as establecidas no artigo 4 do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, coa particularidade de que se poderá destinar conxuntamente ao acceso da enerxía eléctrica para o seu propio uso e para a revenda de enerxía eléctrica destinada aos servizos de recarga enerxética a vehículos eléctricos que realice na localización do punto de subministración, sendo o único responsable fronte ao distribuidor do contrato, quedando exceptuada a dita revenda da limitación establecida no artigo 79.3 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

2. A contratación e aboamento das peaxes de acceso será realizada polos xestores de cargas do sistema para cada un dos puntos de conexión ás redes citados no número anterior, con independencia de que se trate dunha única instalación, salvo que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio autorízase a agrupación de puntos de conexión de acordo coa normativa tarifaria vixente.

Para estes efectos considerarase unha instalación aquela en que o seu titular sexa a mesma sociedade xestora mercantil, os centros ou unidades que constitúen a instalación



estean unidos por liñas eléctricas propias e a enerxía eléctrica se destine ao seu propio uso e á revenda de enerxía eléctrica destinada aos servizos de recarga enerxética.

3. A instalación e os equipamentos de medida e control en fronteira de distribución deberán cumprir os requisitos establecidos na normativa de aplicación, e garantir a subministración dos datos requiridos para a correcta facturación das peaxes de acceso.

Ademais do anterior, os xestores de cargas rexistrarán en cada unha das súas instalacións os consumos destinados á recarga de vehículos de forma diferenciada aos consumos para o seu propio uso cando estes se produzan.

*Artigo 6. Imposibilidade de continuar no exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema.*

1. Se no prazo dun ano contado desde a data de comunicación de inicio da actividade de xestor de cargas do sistema, a empresa non fixera uso efectivo e real desta exercendo a actividade e, por tanto, non revendera enerxía eléctrica para recarga de vehículos eléctricos, ou se tal uso fora suspendido durante un prazo ininterrompido dun ano, o operador do sistema e, se é o caso, o operador do mercado deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio tales circunstancias, que determinarán a prohibición de continuar no exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema.

Así mesmo, determinará a prohibición de continuar no exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema o incumprimento pola empresa dalgunha das obrigas establecidas nas alíneas a), b), f), h), j), e l) do artigo 2.2 deste real decreto, ou o incumprimento nos prazos que se establezan doutras obrigas de pagamento fronte ao sistema eléctrico.

2. O incumprimento por parte dos xestores de carga dalgunha das restantes obrigas establecidas no artigo 2.2 determinará a imposibilidade de continuar no exercicio da dita actividade na instalación ou instalacións en que se produzan os ditos incumprimentos de maneira temporal ata que se acredite a súa emenda.

Respecto das restantes instalacións en que, se for o caso, tamén desenvolva a súa actividade o xestor de cargas e nas cales non se producisen os referidos incumprimentos, este poderá seguir tendo a condición de xestor de cargas do sistema e desenvolvendo a súa actividade de revenda de enerxía eléctrica para os servizos de recarga enerxética das ditas instalacións.

3. A comunidade autónoma comunicará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o incumprimento de calquera das obrigas establecidas no artigo 2.2 do presente real decreto por parte dos xestores de cargas que desenvolvan a súa actividade en instalacións situadas no seu ámbito territorial. Nestes casos, observarase o disposto nos números 1 e 2 deste artigo segundo corresponda ao incumprimento que se produza.

4. De se produciren as circunstancias previstas no número 1 anterior, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará audiencia á empresa interesada e resolverá sobre a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade de xestor de cargas, e notificará a interesada, ao órgano competente autonómico que recíbise a comunicación previa no suposto do segundo parágrafo do artigo 3.1 e á Comisión Nacional de Enerxía, quen, se é o caso, procederá a dar de baixa a empresa na listaxe de xestores de carga do sistema, e a comunicar este feito a todas as comunidades autónomas que, de ser o caso, se vexan afectadas.

5. A tramitación dos procedementos recollidos nos números 1, 2 e 3 do presente artigo realizarase segundo o establecido no artigo 7.2 do presente real decreto no que se refire a duración, prazos e interposición de recurso.

6. O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivar de acordo co establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

*Artigo 7. Inspección e seguimento aos xestores de cargas do sistema.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía efectuará as tarefas de inspección e seguimento aos xestores de cargas do sistema para verificar o cumprimento de todos os requisitos e as obrigas descritas neste real decreto.

2. En caso de que, como resultado das inspeccións, se detecte que unha empresa que desenvolve a actividade de xestor de cargas do sistema incumpre os requisitos ou as obrigas establecidas para o exercicio da actividade, a Comisión Nacional de Enerxía remitirá os resultados das inspeccións realizadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, xunto coa acta correspondente en que se fagan constar os feitos observados.

En tales supostos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de audiencia da empresa, resolverá sobre o incumprimento e, de ser o caso, declarará a imposibilidade de continuar o exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema, e notificará a súa resolución á interesada, á Comisión Nacional de Enerxía, quen, de ser o caso, procederá a dar de baixa a empresa na correspondente listaxe, e ao órgano competente autonómico que recibise a comunicación previa no suposto do segundo parágrafo do artigo 3.1.

O prazo para resolver e notificar a resolución a que se fai referencia no parágrafo anterior será de tres meses contados desde a data en que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas acorde a iniciación deste procedemento. Transcorrido este prazo sen que se notificase resolución expresa aplicarase o disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a dita resolución, que non esgota a vía administrativa, caberá interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Enerxía, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da referida Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivar de acordo co establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

3. En caso de que, como resultado das inspeccións, se detecten incumprimentos das obrigas establecidas no artigo 2.2 do presente real decreto que sexan de competencia autonómica, a citada comisión porao en coñecemento das comunidades autónomas en cuxo territorio estean situadas as instalacións afectadas, e aplicarase o disposto no artigo 6.3 do presente real decreto.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a Comisión Nacional de Enerxía remitirá anualmente un informe á Secretaría de Estado de Enerxía. Neste informe recolleranse os resultados das actuacións de inspección e seguimento de que fosen obxecto os xestores de cargas do sistema.

*Disposición adicional primeira. Peaxe de acceso superval de aplicación ás subministracións efectuadas a tensións non superiores a 1 kV e con potencia contratada maior de 10 kW e menor ou igual a 15 kW.*

1. Créase a peaxe de acceso 2.1DHS de aplicación ás subministracións efectuadas a tensións non superiores a 1 kV e con potencia contratada maior de 10 kW e menor ou igual a 15 kW que diferencia tres períodos tarifarios, período 1, período 2 e período 3 (superval).

A duración de cada período será a que se detalla a continuación:

Períodos tarifarios	Duración
P1	0 horas/día
P2	8 horas/día
P3	6 horas/día

Consideraranse como horas do período tarifario 1, 2 e 3 (superval) en todas as zonas do sistema peninsular e nos sistemas insulares e extrapeninsulares, as seguintes:

Inverno e verán		
P1	P2	P3
13-23	0-1 7-13 23-24	17

2. As condicións de aplicación e a determinación dos compoñentes da facturación da peaxe definida nos puntos anteriores serán as fixadas para a peaxe 2.1A no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, segundo o disposto na Orde ITC/1723/2009, do 26 de xuño, pola que se revisan as peaxes de acceso a partir do 1 de xullo de 2009 e as tarifas e primas de determinadas instalacións de réxime especial.

O prezo do termo de potencia e, de ser o caso, o prezo do termo de facturación de enerxía reactiva da peaxe 2.1 DHS serán iguais aos correspondentes á peaxe 2.1A.

3. Nesta modalidade con discriminación horaria aplicaranse prezos diferenciados para a enerxía consumida en cada un dos períodos tarifarios.

En calquera caso, para estas subministracións a potencia a contratar será a máxima potencia prevista a demandar considerando todas as horas dos períodos tarifarios 1, 2 e 3.

*Disposición adicional segunda. Revisión dos períodos horarios nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares da peaxe de acceso superval e perfil de consumo da peaxe 2.1 DHS e da tarifa de último recurso con discriminación horaria superval.*

1. Sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira, no prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto, Red Eléctrica de España, S.A., como operador do sistema nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares (SEIE), remitirá ao Ministerio de Industria Turismo e Comercio unha proposta dos períodos horarios que se aplicarán á peaxe de acceso superval en cada un destes sistemas adaptados ás curvas de demanda rexistradas nos últimos anos en cada un deles.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, á vista da dita proposta, aprobará e publicará as adaptacións necesarias dos períodos aplicables nos SEIE.

2. No prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto, Red Eléctrica de España, S.A., remitirá á Comisión Nacional de Enerxía e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, unha proposta de perfís de consumo para 2011 da peaxe de acceso superval e da tarifa de último recurso con discriminación horaria superval que resultarían de aplicación para efectos de liquidación da enerxía daqueles puntos de subministración de clientes que, de acordo coa normativa aplicable, non teñan a obriga de dispor de rexistro de consumo horario nos seus equipamentos de medida.

Así mesmo, para efectos de aplicación da metodoloxía de cálculo do custo estimado da enerxía en 2011 correspondente á tarifa de último recurso con discriminación horaria superval regulado na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, a proposta incluírá o perfil estimado de consumo correspondente á dita tarifa de último recurso do ano 2010.

*Disposición adicional terceira. Clientes sen dereito a tarifa de último recurso que estean sendo subministrados por comercializadores de último recurso.*

1. Os distribuidores proporcionarán, con periodicidade mensual, á Oficina de Cambios de Subministrador, a listaxe dos puntos de subministración que corresponden a clientes sen dereito a tarifa de último recurso que estean sendo subministrados por comercializadores de último recurso, para que esta información sexa accesible a todos os comercializadores, co fin de facilitar a realización de ofertas aos ditos clientes a prezo libremente negociado.



2. A listaxe anterior deberá incluír a información correspondente, nun punto específico, aos puntos de subministración que fosen transferidos polos comercializadores de último recurso a un comercializador libre ou estean sendo subministrados a prezo libre polo propio comercializador de último recurso.

3. Aqueles a que se refira a dita información terán dereito de acceso aos seus datos contidos na base de forma gratuíta e, ademais, poderán prohibir por escrito á Oficina de Cambios de Subministrador a difusión dos datos que sinalen expresamente. Neste caso a manifestación escrita do consumidor deberá constar expresamente na base de datos e corresponderalle á Oficina de Cambios de Subministrador custodiar unha copia da dita solicitude.

Non obstante o anterior, no caso de que o cliente estea en situación de falta de pagamento non poderá prohibir a difusión do seu CUP e da información desta situación.

Disposición adicional cuarta. *Prezos dos termos de enerxía activa.*

A orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio que realice a primeira revisión de peaxes de acceso a partir da entrada en vigor do presente real decreto, fixará os prezos dos termos de enerxía activa que se aplicarán en cada período horario das peaxes de acceso superval que se establecen pola disposición adicional primeira deste real decreto e no artigo 17 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño.

Disposición transitoria primeira. *Inicio da aplicación da peaxe de acceso superval e a TUR con discriminación horaria superval.*

O establecido na disposición adicional primeira e na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, en canto é obxecto de modificación por este real decreto, será de aplicación a partir da primeira revisión de peaxes que se aprobe tras a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación da vía electrónica obrigatoria.*

1. A Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o órgano equivalente da Comisión Nacional de Enerxía implementarán os procedementos electrónicos a que se refire o artigo 3.5 deste real decreto, no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

2. Mentres non estean operativos estes procedementos electrónicos, as comunicacións presentaranse e realizaranse en soporte papel, sen prexuízo de que os modelos que figuran nos anexos deste real decreto se poidan descargar da sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica.*

Modifícase a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, como segue:

Un. Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

## «Artigo 6. Definición das tarifas de último recurso.

1. As tarifas de último recurso serán de aplicación aos consumidores conectados en baixa tensión e con potencia contratada menor ou igual a 10 kW, que contraten a subministración cun comercializador de último recurso.

Existirá un único tipo de tarifas de último recurso denominado tarifa TUR que se aplicará ás subministracións efectuadas a tensións non superiores a 1 kV e con potencia contratada menor ou igual a 10 kW.

2. Opcionalmente, os consumidores acollidos a esta tarifa que dispoñan do equipamento de medida adecuado, poderán acollerse ás seguintes modalidades con discriminación horaria:

a) Discriminación horaria que diferencia dous períodos tarifarios ao día, período 1 e período 2.

A duración de cada período será a que se detalla a continuación:

Períodos tarifarios	Duración
P1	10 horas/día
P2	14 horas/día

Consideraranse como horas do período tarifario 1 e 2 en todas as zonas as seguintes:

Inverno		Verán	
P1	P2	P1	P2
12-22	0-12	0-13	
22-24	13-23		
23-24			

Os cambios de horario de inverno a verán ou viceversa coincidirán coa data do cambio oficial de hora.

b) Discriminación horaria superval, que diferencia tres períodos tarifarios ao día, período 1, período 2 e período 3 (superval).

A duración de cada período será a que se detalla a continuación:

Períodos tarifarios	Duración
P1	10 horas/día
P2	8 horas/día
P3	6 horas/día

Consideraranse como horas do período tarifario 1, 2 e 3 (superval) en todas as zonas as seguintes:

Inverno e verán		
P1	P2	P3
13-23	0-1	1-7
	7-13	
	23-24	

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 8, que queda redactado da maneira seguinte:

«3. O termo de enerxía da tarifa de último recurso será igual á suma do termo de enerxía da correspondente tarifa de acceso e o custo estimado da enerxía, calculados de acordo co contido desta orde, de acordo coa seguinte fórmula:

$$TEU_p = TEA_p + CE_p$$

Sendo:

p Subíndice que identifica o período tarifario. Tomará os seguintes valores:

- 0, para tarifas de último recurso sen discriminación horaria.
- 1, para o período 1 que se define no artigo 6.
- 2, para o período 2 segundo se define para cada caso no artigo 6.
- 3, para o período 3 (superval) que se define no artigo 6.

$TEU_p$  Termo de enerxía da tarifa de último recurso no período tarifario p, segundo corresponda.

$TEA_p$  Termo de enerxía da tarifa de acceso no período tarifario p, segundo corresponda.

$CE_p$  Custo estimado da enerxía subministrada no período p, medida no contador do consumidor».

Tres. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 9 queda redactado como a continuación se indica:

«1. O custo estimado da enerxía calcularase para cada trimestre e período tarifario das tarifas de último recurso definidas no artigo 6, de acordo coa seguinte fórmula:»

Catro. O teor do número 2 do artigo 17 queda como a continuación se transcribe:

«2. Opcionalmente, os consumidores que dispoñan do equipamento de medida adecuado poderán acollerse á modalidade con discriminación horaria (2.0 DHA) que diferencie dous períodos tarifarios ao día, período 1 e período 2, ou á modalidade con discriminación horaria superval (2.0 DHS) con tres períodos tarifarios ao día, período 1, período 2 e período 3. A duración de cada período así como as horas concretas de aplicación serán as establecidas para as tarifas de último recurso correspondentes que se definen no artigo 6 desta orde».

Cinco. O número 2 do artigo 19 queda redactado como segue:

«2. Termo de facturación de enerxía activa: o termo de facturación de enerxía activa calcularase, de acordo coa fórmula seguinte:

$$FEA_p = \sum_p (TEA_p \times E_p)$$

Onde:

$E_p$  = enerxía consumida no período tarifario p expresada en kWh.

$TEA_p$  = prezo do termo de enerxía da peaxe no período tarifario p, expresado en euros/kWh.»

Seis. Engádesse un número 6 ao artigo 19 coa seguinte redacción:

«6. O prezo do termo de potencia e, se é o caso, o prezo do termo de facturación de enerxía reactiva da peaxe 2.0 DHS serán iguais aos correspondentes á peaxe 2.0A.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para modificacións normativas.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para modificar por orde o contido da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, naquilo que é obxecto de modificación por este real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións de desenvolvemento que resulten indispensables para asegurar a adecuada aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

## 1. Modelo de comunicación de inicio de actividade de xestor de cargas do sistema eléctrico

### COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE

D./D.<sup>a</sup>.....,  
maior de idade, con documento nacional de identidade número .....,  
en nome e representación de ....., con  
NIF ....., domicilio social en .....e  
domicilio para efectos de notificacións en .....,  
.....,

En plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, comunica [á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas/ao órgano competente da Comunidade Autónoma] o inicio da actividade de xestor de cargas do sistema eléctrico, que se desenvolverá no ámbito territorial de ..... para cuxos efectos presenta declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos para o seu exercicio.

En ..... o ..... de ..... de.....

Sinatura.

## 2. Modelo de declaración responsable de xestor de cargas do sistema eléctrico

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.<sup>a</sup>.....,  
maior de idade, con documento nacional de identidade número .....  
en nome e representación de .....  
con domicilio social en ..... e NIF .....

Declaro baixo a miña responsabilidade, para efectos da comunicación de inicio da actividade de xestor de cargas do sistema, que a dita sociedade cumpre os requisitos necesarios para o exercicio da actividade, exixidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento e, en particular, os seguintes:

a) Ser sociedade mercantil debidamente inscrita no rexistro correspondente ou equivalente no país de orixe, e contar cun obxecto social que acredita a capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica sen limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

1.º No caso de empresas con sede en España: o cumprimento nos estatutos das exixencias de separación de actividades e de contas establecidas nos artigos 14 e 20 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2.º No caso de empresas doutros países: o cumprimento dos requisitos de separación de actividades e contas das actividades desenvolvidas no ámbito do sistema eléctrico español.

b) Cumprir cos requisitos de capacidade técnica:

1.º Cumprir en cada unha das instalacións en que realice a actividade as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias e contar, se é o caso, coas autorizacións que sexan necesarias, que permitan efectuar a recarga enerxética para vehículos eléctricos.

2.º No caso de que a empresa non vaia adquirir a enerxía directamente no mercado de produción: ter suscrito un contrato de peaxe de acceso coa empresa distribuidora por cada punto de conexión ou, se é o caso, por cada unha das instalacións en que, ademais de consumir para o propio uso, realice a actividade de revenda de enerxía eléctrica para vehículos eléctricos.

3.º No caso de que a empresa vaia adquirir a enerxía directamente no mercado de produción: ter suscrito un contrato de peaxe de acceso coa empresa distribuidora por cada punto de conexión ou, se é o caso, por cada unha das instalacións en que, ademais de consumir para o propio uso, realice a actividade de revenda de enerxía eléctrica para vehículos eléctricos e cumprir cos requisitos exixidos para os suxeitos compradores no mercado de produción de enerxía eléctrica conforme os procedementos de operación técnica e, se é o caso, as regras de funcionamento e liquidación do mercado de produción.

c) Cumprir cos requisitos de capacidade económica:

1.º No caso de que a empresa non vaia adquirir a enerxía directamente no mercado de produción: ter presentado o depósito de garantía correspondente á contratación da peaxe de acceso coa empresa distribuidora que, se é o caso, resulte exixible conforme o establecido no artigo 79.7 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

2.º No caso de que a empresa vaia adquirir a enerxía directamente no mercado de produción: ter presentado o depósito de garantía correspondente á contratación da peaxe de acceso coa empresa distribuidora que, se é o caso, resulte exixible conforme o establecido no artigo 79.7 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se



regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e ter presentado, ante o operador do sistema e ante o operador do mercado, as garantías que resultan exixibles para a adquisición de enerxía no mercado de produción de electricidade nos procedementos de operación técnica e nas correspondentes regras de funcionamento e liquidación do mercado, respectivamente.

Así mesmo, manifesto que dispoño da documentación que acredita o cumprimento dos citados requisitos, e que me comprometo a mantelos durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema e a notificar os feitos que supoñan unha modificación destes, asumindo as consecuencias legalmente previstas, en particular no artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en caso de incumprimento, inexactitude, falsidade ou omisión.

En ..... o ..... de ..... de.....

Sinatura.

## ANEXO II

### Información e datos que teñen que enviar os xestores de cargas do sistema

#### 1. Datos que hai que enviar.

##### 1.1 Datos da sociedade:

Denominación ou razón social:

Domicilio social:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Fax e correo electrónico, de ser o caso:

Representantes legais:

NIF:

Data de constitución da sociedade (1):

Ámbito xeográfico en que desenvolve a actividade:

Datos das instalacións en que se vai desenvolver a actividade (segundo a táboa):

Enderezo	Localidade	Provincia	CC.AA.	N.º de puntos de toma (ou acometidas)	Nivel de tensión (punto de toma/ acometida)	CUPS	Empresa distribuidora

##### 1.2 Enerxía adquirida:

Enerxía adquirida no mercado de produción (kWh):

Enerxía adquirida a instalacións acollidas ao réxime especial (kWh):

Enerxía adquirida a comercializadores (para cada comercializador que adquira a enerxía):

Comercializador:

Enerxía adquirida (kWh):

Enerxía adquirida a produtores en réxime ordinario (kWh):

1.3 Enerxía entregada na revenda e enerxía consumida para o seu propio uso por instalación (segundo táboa):

Enderezo	Localidade	Provincia	CC.AA.	N.º de puntos de toma (ou acometidas)	Nivel de tensión (punto de toma/ acometida)	CUPS	Empresa distribuidora	Enerxía entregada revenda (kWh)	Enerxía consumida para seu propio uso (kWh)

## 2. Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información do número 1.1 deberase remitir cando se realice a comunicación de inicio de actividade e cando se produza algún cambio dos datos que figuran nela.

Anualmente, enviaranse os datos que figuran nos números 1.2, e 1.3 durante o primeiro trimestre do ano seguinte a que se produzan.